Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación

CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia: Educación auditiva e vocal (EAV)

Curso: 2026 – 2027

Renata Gago Romero & Ángeles Rubio Lera



Índice

1. Introdución....3
2. Metodoloxía....3
3. Atención á diversidade....3
4. Temas transversais....4
4.1 Educación en valores....4
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)....5
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....5
6. Secuenciación do curso....6
6.1 Curso: 1º G.E....6
6.2 Curso: 2º G.E....16
6.3 Curso: 3º G.E....26
6.4 Curso: 4º G.E....36
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica..45
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....45
9. Anexos....46
9.1 Bibliografía....46
9.2 Discografía....47

1. Introdución

A acción pedagóxica, no grao elemental, céntrase en conseguir un dominio da lectura e da escritura que lle permita ao alumnado a autonomía necesaria para seguir afondando na aprendizaxe da linguaxe, sen esquecer que a comprensión auditiva é unha capacidade que se debe desenvolver sistematicamente, por ser o oído a base da recepción musical. Esta preocupación pola práctica auditiva ven potenciada pola inclusión, no grao elemental, da materia de Educación Auditiva e Vocal, que estará profundamente relacionada coa de Linguaxe Musical.

Esta materia e a de Linguaxe Musical son inseparables e moi relacionadas entre si. A pesar de que teñen moitos contidos comúns, as dúas materias foron separadas por motivos de aplicación didáctica, pois a entoación e a comprensión auditiva forman un todo no conxunto das múltiples áreas que conforman a Linguaxe Musical. A Educación Auditiva e Vocal do alumno (e futuro músico) fai necesarias estratexias pedagóxicas específicas neste campo tradicionalmente tan descoidado nas ensinanzas musicais. Pero non hai que esquecer en ningún momento que en esencia as dúas materias son a mesma, aínda que na práctica académica para a “Linguaxe Musical” propiamente dita nos centremos máis nas áreas de lectura, entoación, audición, escritura, teoría e rítmica, deixando o traballo específico da voz e o oído (entoación, respiración, emisión vocal e ditados musicais) para a “Educación Auditiva e Vocal”.

2. Metodoloxía

A metodoloxía a empregar terá en conta, como factor principal, a participación activa do alumnado, e propiciará a actitude de descubrimento e investigación, indo sempre do simple ao complexo. A acción educativa debe contribuír a promove-la autonomía dos alumnos na maior medida posible. Ademais, comezarase sempre con actividades de introdución – motivación de tipo recordatorio, logo actividades de desenvolvemento e logo de repaso e consolidación do que se aprendeu na unidade.

A motivación do alumnado é algo fundamental e intrínseco a calquera ensinanza porque é o alumnado quen, a través dun compromiso coa tarefa de aprender, constrúe a súa aprendizaxe, especialmente na ensinanza musical, xa que se require unha disciplina de estudo desde o seu inicio e un esforzo ao simultanear dúas ensinanzas oficiais. O profesorado debe concienciar ao alumno da súa propia aprendizaxe, dos progresos que vaia adquirindo en base ao seu traballo e animar a traballar os aspectos necesarios que o leven a facelo aínda mellor.

3. Atención á diversidade

O profesorado velará por un espazo inclusivo atendendo ás diferentes casuísticas do alumnado en cuestións como o ritmo de aprendizaxe, os intereses, os coñecementos previos, a avaliación inicial. Para procurar a interiorización dos contidos realizaranse actividades de reforzo, ampliación e motivación. A programación é un documento aberto a modificacións metodolóxicas para garantir a atención individualizada de todo o alumnado a pesar da natureza colectiva desta materia.

Este centro acolle alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O alumnado ACNEAE ten necesidades educativas especiais (NEE), condicións persoais, altas capacidades, dificultades específicas de aprendizaxe, incorporación tardía (procedente do estranxeiro, debido a multiculturalidade deste centro).

O profesorado deberá remitirse ás medidas que se levarán a cabo detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4. Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

A especialidade de Linguaxe Musical e a materia de Educación Auditiva e Vocal radican basicamente no seu carácter maioritariamente procedemental, ao que amplía e ao mesmo tempo esixe unha forte actividade do profesor, da interacción profesorado- alumnado e do alumnado- alumnado.

É por iso que os temas transversais están inscritos en cada unha das actividades da aula, e reciben un tratamento específico en relación con cada aspecto da ensinanza musical.

4.1 Educación en valores

A educación musical optimiza o desenvolvemento integral do alumnado fortalecendo aspectos como rexeitar calquera tipo de discriminación de sexo, raza, clase social, ideoloxía e categoría profesional, sendo estes competencia da Educación para a Paz, Igualdade e prevención da violencia de xénero. Este concepto materialízase na aula a través do traballo de músicas do mundo ou coa planificación de concertos de carácter solidario.

O estudo das Ensinanzas Artísticas está estritamente relacionado coa cenestesia, polo que aspectos como a corrección postural, a respiración consciente no canto ou na interpretación instrumental son aspectos que favorecen a Educación para a saúde.

A Educación ambiental maniféstase tomando conciencia da contaminación acústica e do respecto polo medio ambiente e o consumo, promovendo un uso responsable do material que se precisa nesta materia.

A música é o acervo cultural de todos os pobos polo que é necesario conservar este patrimonio facendo fincapé no folclore máis próximo, valorando aspectos inicialmente descoñecidos.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.

Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recompile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CentrosNet, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompilen nin fagan uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).

Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompile ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

Esta área de coñecemento permite a utilización de ferramentas dixitais que complementan a instrución docente, tanto no grao elemental como no profesional. O uso das TIC na aula de Linguaxe Musical favorece o pensamento crítico, fortalece o dominio cognitivo, actitudinal e condutual do alumnado. Na iniciación musical promove o descubrimento e, en etapas posteriores, o desenvolvemento, perfeccionamento e a investigación musical potenciando a acción educativa.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos e audicións organizados polo centro, asistencia a concertos organizados fóra do centro, asistencia aos ensaios de agrupacións do conservatorio. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º G.E.

6. 1. 1 Obxectivos

OBX1: Conseguir a correcta emisión e articulación do son.

OBX2: Desenvolver unha técnica correcta na entoación e emisión vocal a través da relaxación, respiración, vocalización, tomando o canto como actividade fundamental.

OBX3: Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

OBX4: Valorar, na entoación, a correcta afinación dos sons naturais como necesidade imprescindible para a práctica instrumental.

OBX5: Cantar de memoria melodías e cancións como medio de desenvolver o oído e conseguir unha mellor comprensión dos elementos musicais presentes na melodía.

OBX6: Manter o pulso durante a lectura rítmica e a entoación.

OBX7: Saber entoar as escalas de Do Maior e La menor e un pequeno repertorio de leccións e cancións.

OBX8: Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

OBX9: Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.

OBX10: Recoñecer auditivamente e representar graficamente parámetros melódicos, rítmicos, formais, tímbricos, así como fragmentos musicais escoitados (ditado rítmico, melódico e rítmico-melódico).

OBX-Act1: Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesor, a participación, o traballo continuo, e os materiais da aula.

OBX-Act2 Desenvolver a actitude de escoita previo á audición activa.

6.1.2 Contidos

Os contidos de Educación Auditiva e Vocal estarán en consonancia cos do correspondente curso de Linguaxe Musical, e particularmente:

EDUCACIÓN VOCAL / ENTOACIÓN

CON1: Práctica de exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.

CON2: Exercicios de afinación e empaste, articulación e fraseo.

CON3:

3a: Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz e con ostinatos.

3b: Iniciación ao Canon (2º trimestre)

3c: Interpretación de cancións con movemento e percusión corporal.

3d: Interpretación de cancións de autor a unha voz que posibiliten un achegamento á historia da música.

3e: Interpretación vocal de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.

CON4: Práctica, identificación e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais.

CON5: Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos entre os sons: (*)

5a: Do, Mi, Sol, Do´

5b: Do, Re, Mi, Sol, La, Do' (2º trimestre)

5c: Semitóns mi-fa // si-do (3º trimestre)

5d: Escala e arpexo de Do M (*)(escala: 3º trimestre)

5e: Escala e arpexo de La menor (3º trimestre)

CON6: Reprodución vocal de fragmentos rítmico-melódicos ou cancións, previamente memorizados ou non, con nome das notas e valor das figuras, en DoM (unha por trimestre*)

CON7:

7a: Interpretación de cancións cos sons: Do, Mi, Sol, Do´ (o arpexo de Do Maior)

7b: Interpretación de cancións en Do M e La menor a unha voz (La menor 3º trimestre)

7c: Exercicios de improvisación vocal con proposta previa.

7d: Desenvolvemento da entoación a primeira vista.

CON8: Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados baseados nas harmonías de I-IV-V tonalidade de DoM e Lam (3º trimestre)

8a: Interpretación dos matices de intensidade do son: *Forte*, *Mezzoforte* e *Piano*.

8b: Interpretación dos matices agóxicos: *Accelerando* e *Ritardando*.

8c: Interpretación dos termos de tempo: *Lento, Andante,* e *Allegro.*

8d: Interpretación dos signos de articulación.

EDUCACIÓN AUDITIVA

CON9: Percepción do:

9a: son e do silencio.

9b: Percepción de sons longos e curtos, fortes e débiles. Altura relativa do son.

9c: Percepción das cualidades do son. Recoñecemento auditivo de timbres instrumentais (3º trimestre)

9d: O pulso. O acento.

9e: Compases 2/4 e 3/4. Compás de 4/4 (2º trimestre). Compás de 6/8 (3º trimestre)

9f: Identificación auditiva de compases (3º trimestre).

9g: Iniciación á escritura musical

CON10: Identificación e coñecemento de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario.


10a: Escoita e recoñecemento de brancas, negras, corcheas, semicorcheas e silencios.



10b: Percepción auditiva das seguintes fórmulas rítmicas: (2º trimestre-3º trimestre)



10c: Fórmulas rítmicas básicas en compases de subdivisión ternaria: (3º trimestre)



CON11: Recoñecemento auditivo de:

11a: Do, Mi, Sol, Do' e do arpexo de DoM.

11b: Percepción do acorde maior (melodicamente e/ou harmonicamente).

11c: Recoñecemento de Do,Re,Mi,Sol,La,Do' (2º trimestre)

11d: Discriminación dos semitóns. (3º trimestre)

11e: Utilización das alteracións. (3º trimestre)

11f: Escoita de melodías en modo Maior e menor (3º trimestre)

11g: Percepción da frase musical: pregunta-resposta. Memorización e repetición de deseños.

11h: Recoñecemento auditivo das melodías traballadas na clase, expresado oralmente ou por escrito

CON12: Escoita e recoñecemento de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbre, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais (Forte-Piano, Lento- Andante- Allegro, Crescendo-Diminuendo, Accelerando e Ritardando) cos contidos do trimestre.

12a: Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

12b: Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos Do, Mi, Sol, Do'

12d: Ditados cos sons Do, Re, Mi, Sol, La, DO' (2º trimestre)

12e: Ditados en DoM, con saltos entre tónica e dominante e notas do acorde (3º trimestre)

12f: Identificación do modo maior ou menor (3º trimestre)

12g: Identificación e coñecemento de: síncope, anacruse e notas a contratempo (3º trimestre).

CONTIDOS ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres)

CON-Act1 Participación nas actividades e traballo continuo (caderno).

CON-Act2 Actitude de escoita.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo dos tres trimestres, afondando progresivamente neles.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.1.2., son considerados contidos mínimos para superar o primeiro curso.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CRIT1: Aplicar correctamente ás cancións o aprendido sobre a respiración e a emisión do son.

CRIT2: Interpretar pezas en grupo mediante o canto atendendo ás outras voces e adaptándose ao conxunto.

CRIT3: Entoar a primeira vista unha melodía dada con ou sen acompañamento, nas tonalidades de Do M e Lam, de aproximadamente oito compases, aplicando indicacións expresivas. Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto aos termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.

CRIT4: Entoar de memoria cancións sinxelas en do maior (unha por trimestre*) e la menor, con corrección na entoación e no ritmo, con corrección no nome das notas e atendendo aos signos de tempo, dinámica e carácter

CRIT5: Entoar correctamente os movementos melódicos entre os sons: (*)

5a: Do, Mi, Sol, Do´

5b: Do, Re, Mi, Sol, La, Do' (2º trimestre)

5c: Semitóns mi-fa // si-do (3º trimestre)

5d: as escalas e arpexos de Do maior (*) e La menor

CRIT6: Imitar correctamente estruturas rítmicas e melódicas breves coa voz e a percusión.

CRIT7: Recoñecer auditivamente o pulso, acento e o ritmo dunha obra ou fragmento.

7a: Identificar cambios sinxelos de compás mediante a percusión do acento

(equivalencia pulso=pulso, exemplo 2/4-3/4-4/4, 2/4-6/8)

7b: Identificar o compás e o modo de melodías escoitadas.

7c: Identificar movementos melódicos ascendentes, descendentes e sons iguais, así como os contidos rítmicos traballados durante o curso.

CRIT8: Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados:

8a: atendendo a parámetros exclusivamente rítmicos

8b: atendendo a parámetros exclusivamente melódicos

8c: atendendo a ambos parámetros en fragmentos máis sinxelos.

CRIT-Act1 Participar nas actividades da aula e asumir o traballo continuo (caderno).

CRIT-Act2 Amosar actitude de escoita.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE (*) no apartado anterior.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso.

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.1.3 son considerados **criterios mínimos para superar o primeiro curso:**

* Entoar de memoria cancións sinxelas en Do Maior (unha por trimestre) con corrección na entoación e no ritmo, con corrección no nome das notas e atendendo aos signos de tempo, dinámica e carácter.

* Entoar correctamente os movementos melódicos entre os sons:

Do, Mi, Sol, Do´

Do, Re, Mi, Sol, La, Do' (2º trimestre)

Semitóns mi-fa // si-do (3º trimestre)

Escala e arpexo de Do M (escala: 3º trimestre)

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** nas primeiras sesións de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos coñecementos previos necesarios para afrontar o curso.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, nas sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

• Observación sistemática, diaria, directa e seguimento nas sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, probas orais e/ou escritas coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado, nos exercicios reflectindo os seus valores e/ou nas listas de cotexo para a avaliación.

• Probas puntuais de nivel, que non terán carácter obrigatorio sempre que o profesor así o estime.

Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor ou profesora.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

* Proba de entoación de pezas do repertorio traballado en clase, algunhas das cales se interpretarán de memoria, e/ou pezas a primeira vista.

* Proba auditiva escrita ou non, similar aos exercicios traballados en clase (ditado melódico, rítmico, rítmico-melódico, tímbrico, harmónico, recoñecemento de erros nunha melodía ou rítmica escoitada…)

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,5	1	1,5	2
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,5	1	1,5	2
Precisión na afinación	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

• 45 % EDUCACIÓN VOCAL (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

• 45 % EDUCACIÓN AUDITIVA (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula).

• 10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA: Participación nas actividades e traballo continuo (caderno) e actitude de escoita.

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considérase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5 arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5 arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que constará de dúas partes: proba de entoación e proba auditiva.

EDUCACIÓN VOCAL 50%:

- Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexo e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,5	1	1,5	2
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,5	1	1,5	2
Precisión na afinación	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA 50%:

- Proba auditiva: Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 6.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de ton e semitón, ditado rítmico, ditado melódico. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

  Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba constará de dúas partes:

EDUCACIÓN VOCAL 50%:

- Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexo e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

  LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	CASE	ÁS VECES	CASE	SEMPRE

		NUNCA		SEMPRE	
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,5	1	1,5	2
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,5	1	1,5	2
Precisión na afinación	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA 50%:

- Proba auditiva: Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 6.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de ton e semitón, ditado rítmico, ditado melódico. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos non superados do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de dúas partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10. Os contidos e criterios de avaliación desta proba serán os establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

EDUCACIÓN VOCAL 50%:

- Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e

precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexo e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

- LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,5	1	1,5	2
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,5	1	1,5	2
Precisión na afinación	0	0,62	1,25	1,87	2,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA 50%:

- Proba auditiva: Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 6.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de ton e semitón, ditado rítmico, ditado melódico. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

  A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

  Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

  - con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
  - con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

  Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

  A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

6.1.5 Recursos didácticos

Recursos impresos:

O libro de texto común para o profesorado: Teoría y Práctica del Lenguaje Musical I. Ediciones Si bemol S. L., método dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda.

Material arranxado ou seleccionado por cada docente e métodos para material complementario.

Instrumentos musicais: pequena percusión, piano da aula.

Recursos TIC: acceso a Internet a través da wifi do centro, ordenador, encerado virtual, proxector, equipo de son, aula virtual.

Recursos do centro: recursos de aula (encerado de pentagramas, cadeiras con pala, metrónomo...) auditorio, biblioteca, fotocopiadora.

6.2 Curso: 2º G.E.

6.2.1 Obxectivos

OBX1: Conseguir a correcta emisión e articulación do son, así como unha boa afinación.

OBX2: Continuar o desenvolvemento dunha técnica vocal básica mediante relaxación, respiración, emisión, vocalización e articulación correctas e conscientes, tomando o canto como actividade fundamental.

OBX3: Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

OBX4: Saber entoar correctamente as escalas de ata dúas alteracións propias, e dispor dun repertorio de leccións e cancións incluíndo polifonía a dúas voces.

OBX5: Entoar e recoñecer as escalas maiores e os diferentes tipos de escala menor.

OBX6: Entoar todos os intervalos xustos, maiores e menores dentro dun contexto tonal.

OBX7: Afinar as notas alteradas accidentalmente en secuencias sinxelas.

OBX8: Cantar de memoria melodías e cancións como medio de desenvolver o oído e conseguir unha mellor comprensión dos elementos musicais presentes na melodía.

OBX9: Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

OBX10: Potenciar a memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa

OBX11: Diferenciar intervalos melódicos e harmónicos maiores, menores e xustos, nun contexto tonal.

OBX12: Reproducir ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais nas tonalidades traballadas.

OBX-Act1: Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesor, a participación, o traballo continuo e os materiais da aula.

OBX-Act2 Desenvolver a actitude de escoita previo á audición activa.

6.2.2 Contidos

Os contidos de Educación Auditiva e Vocal estarán en consonancia cos do correspondente curso de Linguaxe Musical, e particularmente:

EDUCACIÓN VOCAL / ENTOACIÓN

CON1: Exercicios de respiración, relaxación e vocalización na voz falada e na voz cantada.

CON2: Exercicios de afinación e empaste, articulación e fraseo.

CON3: Interpretación de cancións:

3a: infantís e populares a unha ou dúas voces

3b: de autor a dúas voces, que posibiliten un achegamento á historia da música

3c: responsoriais e recreativas

3d: canons a dúas ou tres voces iguais

3e: con percusión rítmica

3f: atendendo a tódolos signos de tempo, carácter, dinámica e agóxica.

CON4: Interpretación vocal de:

4a: fragmentos rítmico-melódicos ou cancións, con ou sen acompañamento, con tonalidades ata dúas alteracións modo maior e modo menor (ata unha alteración modo maior e/ou modo menor*).

4b: Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas, movementos melódicos tonais.

4c: Exercicios de improvisación vocal con proposta previa.

CON5: Entoación consciente en tonalidades ata dúas alteracións modo maior e modo menor (ata unha alteración*)

CON6: Exercicios sobre escalas e arpexos ata dúas alteracións modo maior e modo menor (ata unha alteración*)

CON7: Entoación sinxela dos intervalos de 2ª maior e menor, 4ª, 5ª, 8ª xusta, dentro do contexto tonal.

CON8: Práctica sinxela da alteración accidental

CON9: Reprodución memorizada de obras traballadas na aula

9a: Reprodución memorizada de obras do repertorio co correcto nome das notas e valor das figuras, con ou sen acompañamento ata dúas alteracións (ata cunha alteración en modo maior ou modo menor, unha obra por trimestre*)

9b: Repetición, memorización e transposición de frases melódicas simples, gradualmente máis complexas. (3º trimestre)

EDUCACIÓN AUDITIVA

CON10: Percepción auditiva das fórmulas rítmicas traballadas nos cursos anteriores, engadindo as traballadas na materia de Linguaxe Musical:

Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión binaria: todos os contidos no 1º curso e:






(2º e 3º trimestre)

Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión ternaria: todos os contidos no 1º curso

e:



(2º e 3º trimestre)

(1º trimestre agás o dosillo 2º trimestre)

10a: Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas.

10b: Análise auditiva de fragmentos sinxelos.

CON11: Identificación de:

11a: erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

11b: escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais

11c: memorización por agregación de elementos

CON12: Escoita e recoñecemento de intervalos de 2ª M e m, 4ª, 5ª e 8ª xusta, tanto melódicos coma harmónicos (número e especie), nun contexto tonal.

CON13: Reprodución de:

13a: ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos nas tonalidades ata dúas alteracións modo maior e menor.

13b: realización de ditado harmónico: recoñecemento dos acordes fundamentais I, IV e V nas tonalidades traballadas.

13c: Escoita e discriminación da escala maior, menor natural e menor harmónica.

13d: Escoita e discriminación da consonancia e disonancia.

13e: Identificación no ditado melódico do modo e da tonalidade.

13f: Identificación e diferenciación dos compases traballados.

13g: Identificar cambios sinxelos de compás

(equivalencia pulso=pulso, exemplo 2/4-3/4-4/4, 2/4-6/8)

CONTIDOS ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres)

CON-Act1 Participación nas actividades e traballo continuo (caderno).

CON-Act2 Actitude de escoita.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo dos tres trimestres, afondando progresivamente neles.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.2.2., son considerados contidos mínimos para superar o segundo curso.

6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CRIT1: Empregar unha boa emisión vocal.

CRIT2: Aplicar correctamente ás cancións o aprendido sobre a respiración, a emisión do son, a afinación, a articulación e o empaste.

CRIT3: Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical a dúas ou tres voces.

CRIT4: Entoar correctamente as escalas e arpexos das tonalidades ata dúas alteracións (ata unha alteración modo maior e modo menor*).

CRIT5: Entoar correctamente as escalas das tonalidades ata dúas alteracións no modo maior e menor tipo natural e harmónica.(*)

CRIT6: Entoar correctamente e identificar auditivamente sucesións de intervalos dentro e fóra do contexto tonal.

CRIT7: Afinar con precisión as notas alteradas accidentalmente en secuencias sinxelas.

CRIT8: Entoar de memoria cancións ou fragmentos musicais co correcto nome das notas e valor das figuras (ata cunha alteración modo maior ou menor, unha obra por trimestre*)

CRIT9: Identificar o pulso, a subdivisión e o compás (simple ou composto) en fragmentos escoitados.

CRIT10: Identificar o modo de melodías escoitadas.

CRIT11: Recoñecer auditivamente as diferentes escalas diatónicas (tonalidade e modalidade e tipo) a partir do La de referencia

CRIT12: Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado.

CRIT-Act1 Participar nas actividades da aula e asumir o traballo continuo (caderno).

CRIT-Act2 Amosar actitude de escoita.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE (*) no apartado anterior.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso.

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.2.3 son considerados **criterios mínimos para superar o segundo curso:**

* Entoar correctamente as escalas e arpexos das tonalidades ata unha alteración modo maior e modo menor (tipo natural e harmónica)

* Entoar de memoria cancións ou fragmentos musicais co correcto nome das notas e valor das figuras ata cunha alteración modo maior ou menor, (unha obra por trimestre).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** nas primeiras sesións de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa

a) Análise dos coñecementos previos necesarios para afrontar o curso.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, nas sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

• Observación sistemática, diaria, directa e seguimento nas sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, probas orais e/ou escritas coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado, nos exercicios reflectindo os seus valores e nas listas de cotexo para a avaliación.

• Probas puntuais de nivel, que non terán carácter obrigatorio sempre que o profesor así o estime.

Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor ou profesora.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

* Proba de entoación de pezas do repertorio traballado en clase, algunhas das cales se interpretarán de memoria, e/ou pezas a primeira vista.

* Proba auditiva escrita ou non, similar aos exercicios traballados en clase (ditado melódico, rítmico, rítmico-melódico, tímbrico, harmónico, recoñecemento de erros nunha melodía ou rítmica escoitada…)

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5

Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

• 45 % EDUCACIÓN VOCAL (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

• 45 % EDUCACIÓN AUDITIVA (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula).

• 10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA: Participación nas actividades e traballo continuo (caderno) e actitude de escoita.

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considérase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que constará de dúas partes: proba de entoación e proba auditiva.

EDUCACIÓN VOCAL 50%:

- Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.2.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexo e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA 50%:

* Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso recollidos no punto 6.2.2.: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerararanse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso de non superar a avaliación final, o alumno /a recibirá un informe escrito coas actividades de recuperación de cara á presentación á proba extraordinaria, quedando o profesor /a cunha copia destas instrucións. O titor será o encargado de entregar este informe ao alumno.

Cando a recuperación afecte só a determinados contidos da primeira ou da segunda avaliación poderase ofrecer ao alumno a asistencia a unha clase de reforzo, individual ou en grupos reducidos.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba constará de dúas partes:

EDUCACIÓN VOCAL: 50%

*Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1

CUALIFICACIÓN	

EDUCACIÓN AUDITIVA: 50%

*Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos non superados do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de dúas partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10. Os contidos e criterios de avaliación desta proba serán os establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

EDUCACIÓN VOCAL: 50%

*Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas	0	0,37	0,75	1,12	1,5

empregadas					
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA: 50%

*Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

6.2.5 Recursos didácticos

Recursos impresos:

O libro de texto común para o profesorado: Teoría y Práctica del Lenguaje Musical II. Ediciones Si bemol S. L., método dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda.

Material arranxado ou seleccionado por cada docente e métodos para material complementario.

Instrumentos musicais: pequena percusión, piano da aula.

Recursos TIC: acceso a Internet a través da wifi do centro, ordenador, encerado virtual, proxector, equipo de son, aula virtual.

Recursos do centro: recursos de aula (encerado de pentagramas, cadeiras con pala, metrónomo...) auditorio, biblioteca, fotocopiadora.

6.3 Curso: 3º G.E.

6.3.1 Obxectivos

OBX1: Conseguir a correcta emisión e articulación do son, así como unha boa afinación.

OBX2: Continuar o desenvolvemento dunha técnica vocal básica mediante relaxación, respiración, emisión, vocalización e articulación correctas e conscientes.

OBX3: Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

OBX4: Realizar vocalmente melodías baseadas nas funcións tonais (I, IV, V) das tonalidades traballadas.

OBX5: Saber entoar correctamente as escalas de ata tres alteracións propias e dispor dun repertorio de leccións e cancións incluíndo polifonía a dúas voces.

OBX6: Entoar e recoñecer os catro tipos de escala menor.

OBX7: Entoar todos os intervalos simples xustos, maiores e menores dentro ou fóra dun contexto tonal.

OBX8: Afinar as notas alteradas accidentalmente en secuencias sinxelas

OBX9: Cantar de memoria melodías e cancións como medio de desenvolver o oído e conseguir unha mellor comprensión dos elementos musicais presentes na melodía.

OBX10: Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

OBX11: Potenciar a memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa

OBX12: Diferenciar auditivamente os intervalos simples melódicos e harmónicos xustos, maiores e menores dentro ou fóra dun contexto tonal.

OBX13: Reproducir ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais nas tonalidades traballadas.

OBX-Act1: Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesor, a participación, o traballo continuo, e os materiais da aula.

OBX-Act2 Desenvolver a actitude de escoita previo á audición activa.

6.3.2 Contidos

Os contidos de Educación Auditiva e Vocal estarán en consonancia cos do correspondente curso de Linguaxe Musical, e particularmente con:

EDUCACIÓN VOCAL / ENTOACIÓN

CON1: Práctica de exercicios de respiración, relaxación, emisión e vocalización na voz falada e na voz cantada.

CON2: Práctica de exercicios de afinación e empaste, articulación e fraseo.

CON3: Interpretación de cancións:

3a: infantís e populares a dúas voces.

3b: de autor a dúas voces, que posibiliten un achegamento á historia da música.

3c: responsoriais e recreativas.

3d: canons a tres e catro voces iguais.

3e: con percusión rítmica.

3f: atendendo a tódolos signos de tempo e carácter, dinámica e agóxica.

CON4: Entoación consciente de:

4a: melodías baseadas nas funcións tonais (I, IV, V) ata con 3 # e 3b modo maior e menor (tonalidades DoM-Lam, SolM-Mim, ReM-Sim, FaM-Rem *)

4b: Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas, movementos melódicos tonais, movementos interválicos.

4c: Exercicios de improvisación vocal con proposta previa.

CON5: Entoación consciente das escalas maiores e os seus arpexos ata tres alteracións (DoM – SolM – ReM – FaM*)

CON6: Entoación consciente dos catro tipos de escalas diatónicas menores (tipo natural e harmónico de Lam – Mim – Sim – Rem *) - tipo melódico 2º trimestre – tipo dórico 3º trimestre)

CON7: Entoación dos intervalos simples maiores, menores e xustos, dentro e fóra do contexto tonal.

CON8: Entoación de alteracións accidentais.

CON9: Reprodución memorizada:

9a: Reprodución memorizada vocal de fragmentos rítmico melódicos ou cancións con ou sen acompañamento pianístico ata 3# e 3b modo maior e modo menor. (tonalidades DoM-Lam, SolM-Mim, ReM-Sim, FaM-Rem, unha obra por trimestre*)

9b: Repetición, memorización e transposición de frases melódicas simples, gradualmente máis complexas. (3º trimestre)

EDUCACIÓN AUDITIVA

CON10: Percepción auditiva do:

10a: pulso, a subdivisión, do compás e das fórmulas rítmicas traballadas nos cursos anteriores, engadindo as traballadas na materia de Linguaxe Musical.

10b:sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas.

10c: escoita dos acordes de I, IV e V nas tonalidades traballadas.

CON11: Identificación de:

11a: erros ou diferenzas rítmicos e/ou melódicos entre un fragmento escrito e o escoitado.

11b: Escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais.

11c: Memorización por agregación de elementos.

11d: Identificación no ditado melódico do modo e da tonalidade.

11e: Realización de ditados harmónicos recoñecemento dos acordes fundamentais nas tonalidades traballadas (I,IV,V).

11f: Realización de probas auditivas a dúas voces mediante o recoñecemento dos graos I e V como acompañamento dunha melodía dada. (3º trimestre)

11g: Probas auditivas a unha voz en clave de fa en 4ª liña.

CON12: Escoita e recoñecemento do modo maior e menor, de escalas diatónicas menores e os seus catro tipos, de intervalos simples tanto melódicos coma harmónicos (número e especie), consonancia e disonancia, diferenciación de compases.

CON13: Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico melódicos elementais en tonalidades ata tres alteracións modo maior e modo menor.

CONTIDOS ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres)

CON-Act1 Participación nas actividades e traballo continuo (caderno).

CON-Act2 Actitude de escoita.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo dos tres trimestres, afondando progresivamente neles.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.3.2., son considerados contidos mínimos para superar o terceiro curso.

6.3.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CRIT1: Realizar unha boa emisión vocal.

CRIT2: Aplicar correctamente ás cancións o aprendido sobre a respiración, a emisión do son, a afinación, a articulación e o empaste.

CRIT3: Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical a dúas ou tres voces.

CRIT4: Entoar correctamente as melodías baseadas nas funcións tonais (I, IV, V) ata con 3 # e 3b modo maior e menor (tonalidades DoM-Lam, SolM-Mim, ReM-Sim, FaM-Rem *)

CRIT5: Entoar correctamente as diferentes escalas diatónicas maiores ata 3 alteracións (DoM – SolM – ReM – FaM*)

CRIT6: Entoar correctamente escalas diatónicas menores (tipo natural e harmónico de Lam – Mim – Sim – Rem *) - tipo melódico 2º trimestre – tipo dórico 3º trimestre).

CRIT7: Entoar con corrección os intervalos simples dentro ou fóra dun contexto tonal.

CRIT8: Afinar con precisión as notas alteradas accidentalmente en secuencias sinxelas.

CRIT9: Entoar de memoria cancións sinxelas ou fragmentos rítmico melódicos con ou sen acompañamento pianístico ata 3# e 3b modo maior e modo menor. (tonalidades DoM-Lam, SolM-Mim, ReM-Sim, FaM-Rem, unha obra por trimestre*) co nome das notas e valor correcto das figuras.

CRIT10: Identificar o pulso, a subdivisión, o compás (simple ou composto) e as fórmulas rítmicas en fragmentos escoitados.

CRIT11:

11a: Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado.

11b: Recoñecer elementos formais e expresivos fundamentais.

11c: Amosar boa memoria á hora de resolver os exercicios.

11d: Identificar o modo e a tonalidade das melodías despois de escoitalas.

11e: Recoñecer os acordes fundamentais nas tonalidades traballadas (I,IV,V)

CRIT12: Recoñecer auditivamente as diferentes escalas diatónicas (tonalidade e modalidade e tipo) a partir do La de referencia e identificar auditivamente os intervalos melódicos e harmónicos simples, identificar consonancia e disonancia e diferenciar os diferentes compases.

CRIT13: Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos rítmicos ou melódicos escoitados nas diferentes tonalidades traballadas.

CRIT-Act1 Participar nas actividades da aula e asumir o traballo continuo (caderno).

CRIT-Act2 Amosar actitude de escoita.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE (*) no apartado anterior.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso.

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.3.3 son considerados criterios mínimos para superar o terceiro curso:

* Entoar correctamente as escalas diatónicas maiores e os seus arpexos de DoM – SolM – ReM – FaM

* Entoar correctamente escalas diatónicas menores (tipo natural e harmónico) de Lam – Mim – Sim – Rem.

* Entoar de memoria cancións sinxelas ou fragmentos rítmico melódicos con ou sen acompañamento pianístico nas tonalidades DoM-Lam, SolM-Mim, ReM-Sim, FaM-Rem, (unha obra por trimestre) co nome das notas e valor correcto das figuras, atendendo aos termos de tempo, carácter, de dinámica e agóxica.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicia**l nas primeiras sesións de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos coñecementos previos necesarios para afrontar o curso.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, nas sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

• Observación sistemática, diaria, directa e seguimento nas sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, probas orais e/ou escritas coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado, nos exercicios reflectindo os seus valores e nas listas de cotexo para a avaliación.

• Probas puntuais de nivel, que non terán carácter obrigatorio sempre que o profesor así o estime.

Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor ou profesora.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

* Proba de entoación de pezas do repertorio traballado en clase, algunhas das cales se interpretarán de memoria, e/ou pezas a primeira vista.

* Proba auditiva escrita ou non, similar aos exercicios traballados en clase (ditado melódico, rítmico, rítmico-melódico, tímbrico, harmónico, recoñecemento de erros nunha melodía ou rítmica escoitada…)

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, carácter, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1

CUALIFICACIÓN	

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

• 45 % EDUCACIÓN VOCAL (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

• 45 % EDUCACIÓN AUDITIVA (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula).

• 10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA: Participación nas actividades e traballo continuo (caderno) e actitude de escoita.

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considérase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que constará de dúas partes: proba de entoación e proba auditiva.

EDUCACIÓN VOCAL 50%:

- Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.3.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexo e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA 50%:

*Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso recollidos no punto 6.3.2.: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso de non superar a avaliación final, o alumno /a recibirá un informe escrito coas actividades de recuperación de cara á presentación á proba extraordinaria, quedando o profesor /a cunha copia destas instrucións. O titor será o encargado de entregar este informe ao alumno.

Cando a recuperación afecte só a determinados contidos da primeira ou da segunda avaliación poderase ofrecer ao alumno a asistencia a unha clase de reforzo, individual ou en grupos reducidos.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba constará de dúas partes:

EDUCACIÓN VOCAL: 50%

*Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

PROBA DE EDUCACIÓN AUDITIVA: 50 %

*Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos non superados do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de dúas partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10. Os contidos e criterios de avaliación desta proba serán os establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

EDUCACIÓN VOCAL: 50%

*Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LISTA DE COTEXO PARA O EXERCICIO DE ENTOACIÓN

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e	0	0,37	0,75	1,12	1,5

precisión rítmica					
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

EDUCACIÓN AUDITIVA: 50%

*Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

6.3.5 Recursos didácticos

Recursos impresos:

O libro de texto común para o profesorado: Teoría y Práctica del Lenguaje Musical III. Ediciones Si bemol S. L., método dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda.

Material arranxado ou seleccionado por cada docente e métodos para material complementario.

Instrumentos musicais: pequena percusión, piano da aula.

Recursos TIC: acceso a Internet a través da wifi do centro, ordenador, encerado virtual, proxector, equipo de son, aula virtual.

Recursos do centro: recursos de aula (encerado de pentagramas, cadeiras con pala, metrónomo...) auditorio, biblioteca, fotocopiadora.

6.4 Curso: 4º G.E.

6.4.1 Obxectivos

OBX1: Conseguir a correcta emisión e articulación do son, así como unha boa afinación.

OBX2: Continuar o desenvolvemento dunha técnica vocal básica mediante relaxación, respiración, emisión, vocalización e articulación correctas e conscientes.

OBX3: Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

OBX4: Realizar, crear e improvisar vocalmente melodías cos contidos do correspondente curso de Linguaxe Musical.

OBX5: Entoar as escalas maiores e menores nos seus catro tipos, así como cromática, pentáfona, e hexátona.

OBX6: Entoar intervalos sen contexto tonal.

OBX7: Aprender un repertorio de cancións e leccións incluíndo polifonía ata tres voces.

OBX8: Cantar de memoria melodías e cancións como medio de desenvolver o oído e conseguir unha mellor comprensión dos elementos musicais presentes na melodía.

OBX9: Adquirir soltura na lectura entoada a primeira vista

OBX10: Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

OBX11: Potenciar a memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa

OBX12: Escribir fragmentos musicais escoitados ao ditado cos contidos do curso.

OBX13: Diferenciar auditivamente intervalos melódicos e harmónicos maiores, menores e xustos, así como o tritón, nun contexto tonal.

OBX14: Reproducir ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais nas tonalidades traballadas.

OBX-Act1: Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesor, a participación, o traballo continuo, e os materiais da aula.

OBX-Act2 Desenvolver a actitude de escoita previo á audición activa.

6.4.2 Contidos

Os contidos de Educación Auditiva e Vocal estarán en consonancia cos do correspondente curso de Linguaxe Musical, e particularmente con:

EDUCACIÓN VOCAL / ENTOACIÓN

CON1: Práctica de exercicios de respiración, relaxación, emisión e vocalización na voz falada e na voz cantada.

CON2: Práctica de exercicios de afinación, empaste, articulación e fraseo.

CON3: Interpretación de cancións:

3a: atendendo a tódolos signos de tempo e carácter, dinámica e agóxica.

3b: ou obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.

3c: infantís e populares a tres ou catro voces con ou sen percusión rítmica.

3d: responsoriais e recreativas

3e: de autor a tres ou catro voces, que posibiliten un achegamento á historia da música (2º ou 3º trimestre)

3f: ou pezas elaboradas con ritmos españois (2º trimestre) e de pezas jazzísticas (3º trimestre)

CON4: Práctica de exercicios de improvisación vocal con proposta previa.

CON5: Entoación consciente de obras en:

5a: todas as tonalidades de ata 4# e 4b, tanto en modo maior como en modo menor, distinguindo neste último os catro tipos de escala. (Tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m*)

5b: Entoación de melodías baseándose nas escalas pentáfona, hexátona e cromática (3º trimestre)

CON6: Sensibilización e práctica vocal dos movementos interválicos dentro do ámbito da oitava, maiores, menores e xustos.

CON7: Interpretación de cánones a distintos intervalos.

CON8: Exercicios de:

8a: transporte mental e/ou escrito de fragmentos melódicos sinxelos.

8b: entoación das diferentes escalas e arpexos, usando notas de paso e floreos e repetir os deseños transportados a diferentes intervalos.(Tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m*)

8c: Memorización de obras a unha ou dúas voces, con ou sen texto, con ou sen acompañamento (unha por trimestre nas tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m*)

CON9: Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades de ata 4# e 4b, tanto en modo maior coma en modo menor.

EDUCACIÓN AUDITIVA

CON10:

10a: Discriminación de todos os tipos de escalas maiores e menores. (ata 4 alteracións 2º e 3º trimestre)

10b: Recoñecemento de cadencias: auténtica, semicadencia, plagal e rota (2º e 3º trimestre)

10c: Identificación auditiva das escalas pentáfona, hexátona e cromática (3º trimestre)

CON11:

11a: Realización de probas auditivas a dúas voces mediante o recoñecemento dos graos I e V como acompañamento dunha melodía dada.

11b: Realización de probas auditivas a unha voz en clave de sol e fa ata catro alteracións.

11c: Recoñecemento auditivo de timbres instrumentais e vocais, solistas ou en agrupacións.

11d: Análise auditiva de fragmentos.

CON12:

12a: Recoñecemento auditivo e reprodución escrita de tódalas rítmicas dos anteriores cursos e das traballadas durante o curso.

12b: Percepción auditiva do 2:3 (3º trimestre)

12c: Percepción e recoñecemento da equivalencia pulso=pulso e parte=parte

12d: Diferenciación de compases.

CON13:

13a: Discriminación de todos os intervalos simples melódicos e harmónicos.

13b: Percepción auditiva de acordes maiores, menores e de 7ª de dominante nos seus diferentes estados (2º e 3º trimestre)

CON14:

14a: Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos nas tonalidades traballadas (ata 4 alteracións 3º trimestre)

14b: Realización de ditado harmónico: recoñecemento auditivo de acordes sobre I-IV-V-VI graos ata catro alteracións. (3º trimestre)

14c: Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

CONTIDOS ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres)

CON-Act1 Participación nas actividades e traballo continuo (caderno).

CON-Act2 Actitude de escoita.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo dos tres trimestres, afondando progresivamente neles.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.4.2., son considerados contidos mínimos para superar o cuarto curso.

6.4.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CRIT1: Realizar unha boa emisión vocal coidando a afinación.

CRIT2: Aplicar correctamente ás cancións o aprendido sobre a respiración, a emisión do son, a afinación, a articulación e o empaste.

CRIT3: Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical a dúas ou tres voces.

CRIT4: Improvisar estruturas melódicas e rítmico-melódicas a partir dunha proposta previa, aplicando libremente fórmulas rítmicas traballadas e conceptos tonais básicos

CRIT5: Entoar correctamente melodías en tonalidades ata catro alteracións, os catro tipos de escala menor, así como melodías baseadas nas escalas pentáfona, hexátona e cromática, con ou sen acompañamento, con corrección na entoación e no ritmo, atendendo a tódolos signos de tempo e carácter, dinámica e agóxica. (Tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m*)

CRIT6: Entoar afinadamente as escalas e arpexos, usando notas de paso e floreos e repetir os deseños transportados a diferentes intervalos.(Tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m*).

CRIT7: Entoar cancións ou fragmentos polifónicos ata tres voces.

CRIT8: Memorizar un repertorio de cancións propostas a unha ou dúas voces, con ou sen texto, con ou sen acompañamento, con corrección na entoación e no ritmo (unha obra por trimestre*). Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto aos termos de tempo, carácter, expresión, dinámica e agóxica e a aplicación correcta do ritmo e corrección no nome das notas.

CRIT9: Interpretar a primeira vista melodías en tonalidades ata catro alteracións, con corrección na entoación e no ritmo, atendendo a tódolos signos de tempo e carácter, dinámica e agóxica.

CRIT10: Recoñecer auditivamente os diferentes tipos de escalas das tonalidades traballadas, as diferentes cadencias recoñecendo previamente a estrutura harmónica, identificar e diferenciar melodías baseadas nas escalas pentáfona, hexátona e cromática.

CRIT11: Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditado a unha voz, en tonalidades ata catro alteracións, que conteñan as dificultades traballadas no curso, probas sinxelas a dúas voces, ditados de intervalos melódicos e harmónicos, acordes, cadencias, etc. Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado. Discriminar auditivamente os diferentes compases ou cambios de compás (equivalencias), grupos especiais. Analizar auditivamente fragmentos escoitados (timbres, rítmica, melodía, forma...)

CRIT-Act1 Participar nas actividades da aula e asumir o traballo continuo (caderno).

CRIT-Act2 Amosar actitude de escoita.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados como CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE (*) no apartado anterior.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso.

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.4.3 son considerados criterios mínimos para superar o cuarto curso:

* Entoar afinadamente as escalas e arpexos, usando notas de paso e floreos e repetir os deseños transportados a diferentes intervalos das tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / FaM-m.

* Entoar correctamente melodías con ou sen acompañamento, con corrección na entoación e no ritmo, atendendo a tódolos signos de tempo e carácter, dinámica e agóxica nas tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m.

* Memorizar un repertorio de cancións propostas a unha ou dúas voces, con ou sen texto, con ou sen acompañamento, con corrección na entoación e no ritmo (unha por trimestre*). Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto aos termos de tempo, carácter, expresión, dinámica e agóxica e a aplicación correcta do ritmo e corrección no nome das notas, nas tonalidades homónimas DoM-m / LaM-m / SolM-m / ReM-m / Fa M-m.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

Realizarase unha **avaliación inicial** nas primeiras sesións de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos coñecementos previos necesarios para afrontar o curso.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, nas sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

• Observación sistemática, diaria, directa e seguimento nas sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, probas orais e /ou escritas, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado, nos exercicios reflectindo os seus valores e nas listas de cotexo para a avaliación.

• **Probas puntuais de nivel, que terán carácter obrigatorio.**

Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor/a. A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para todo o alumnado de 4º curso de grao elemental. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor ou profesora.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

* Proba de entoación de pezas do repertorio traballado en clase, algunhas das cales se interpretarán de memoria, e/ou pezas a primeira vista.

* Proba auditiva escrita ou non, similar aos exercicios traballados en clase (ditado melódico, rítmico, rítmico-melódico, tímbrico, harmónico, recoñecemento de erros nunha melodía ou rítmica escoitada…)

Lista de cotexo para os exercicios de entoación

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

- 45 % EDUCACIÓN VOCAL (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

- 45 % EDUCACIÓN AUDITIVA (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula).

- 10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA: Participación nas actividades e traballo continuo (caderno) e actitude de escoita.

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considérase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso de non superar a avaliación final, o alumno /a recibirá un informe escrito coas actividades de recuperación de cara á presentación á proba extraordinaria, quedando o profesor /a cunha copia destas instrucións. O titor será o encargado de entregar este informe ao alumno.

Cando a recuperación afecte só a determinados contidos da primeira ou da segunda avaliación poderase ofrecer ao alumno a asistencia a unha clase de reforzo, individual ou en grupos reducidos.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste curso non procede.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba constará de dúas partes: proba de entoación e proba de audición.

PROBA DE EDUCACIÓN VOCAL: 50%

*Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso no apartado 6.4.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase a correcta emisión da voz, mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

Lista de cotexo para o exercicio de entoación

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE**	**ÁS VECES**	**CASE**	**SEMPRE**

		NUNCA		SEMPRE	
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

PROBA DE EDUCACIÓN AUDITIVA: 50 %

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso (apartado 6.4.2.): recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5. Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

A proba de avaliación constará de dúas partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou

incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10. Os contidos e criterios de avaliación desta proba serán os establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

PROBA DE EDUCACIÓN VOCAL: 50%

* Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso no apartado 6.4.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase a correcta emisión da voz, mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

Lista de cotexo para o exercicio de entoación (a modo de exemplo).

ENTOACIÓN					
	NUNCA	**CASE NUNCA**	**ÁS VECES**	**CASE SEMPRE**	**SEMPRE**
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa con precisión seguindo a liña melódica	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión as escalas empregadas	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Entoa o modo maior e/ou menor	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Afina con precisión os intervalos	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Precisión na afinación	0	0,37	0,75	1,12	1,5
Interpreta correctamente as indicacións de tempo, carácter, articulacións, agóxica e dinámicas	0	0,25	0,5	0,75	1
CUALIFICACIÓN					

PROBA DE EDUCACIÓN AUDITIVA: 50 %

*Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso (apartado 6.4.2): recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir do 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.
- con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

6.4.5 Recursos didácticos

Recursos impresos:

O libro de texto común para o profesorado: Teoría y Práctica del Lenguaje Musical IV. Ediciones Si bemol S. L., método dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda.

Material arranxado ou seleccionado por cada docente e métodos para material complementario.

Instrumentos musicais: pequena percusión, piano da aula.

Recursos TIC: acceso a Internet a través da wifi do centro, ordenador, encerado virtual, proxector, equipo de son, aula virtual.

Recursos do centro: recursos de aula (encerado de pentagramas, cadeiras con pala, metrónomo...) auditorio, biblioteca, fotocopiadora.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez ao mes.

Estas reunións servirán para facer o seguimento da programación didáctica. Nestas reunións anotaranse os obxectivos non acadados, o profesorado compartirá o seguimento da programación, da avaliación onde valorarase as modificacións ou suxerencias a realizar na programación así como as observacións dos grupos e a súa evolución.

Ademais, ao remate de cada trimestre, recolleranse os datos puntuais das tres avaliacións, realizándose ao finalizar o curso as porcentaxes de aprobados e suspensos para avaliar os resultados.

É función do departamento didáctico participar no seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica, e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual na que se avalíe a súa aplicación.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxectivos recollidos polo mesmo. O departamento implementará o sistema máis axeitado para realizar dita valoración.

Á vista das actas correspondentes, os departamentos, despois das avaliacións ordinarias de final de curso, recollerán nunha memoria, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

b) Motivo das modificacións.

c) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

d) Propostas para a programación didáctica do curso seguinte.

9. Anexos

9.1 Bibliografía

IBÁÑEZ-CURSÁ: *Cuadernos de Audición (1 a 4).* Real Musical

SIERRA, Félix: *Educación Auditiva.* Real Musical

ROBLES OJEDA: *250 Dictados muy fáciles.* Ed. Si bemol.

ROBLES OJEDA: *85 Dictados hasta dos alteraciones.* Ed. Si bemol.

CAÑADA, Pedro e outros: *Cuadernos de audición.* Enclave Creativa.

VARIOS: *Dictados 1 y 2.* Enclave Creativa.

LÓPEZ ARENOSA, E.: *Dictado rítmico, Dictado melódico.* Real Musical

ZAMORANO: *Nuevos dictados progresivos.* Mundimúsica.

COSTA, Eduardo: *Cuaderno de dictados 1 – 4º curso.* Mundimúsica.

WUYTACK, Jos: *Audición Musical Activa.*

BRAATEN, Brenda: *Sound Advice: Level 1 – 8th.* Ed. Frederick Harris Music.

KRAFT, Leo: *A New Approach to Ear Training: a programmed course in melodic and harmonic dictation.* W. W. Norton & Company

SMITH, Ronald: *Aural Training in Practice. Book I, II & III.* ABRSM Publishing.

HARRISON, Mark: *Contemporary Eartraining. Level 1 – 2.* Ed. Hal Leonard.

ELIZALDE, Luis: *Canto escolar*. Publicaciones Claretianas.

BUENO, Estrella: *Cancionero Infantil*. Real Musical.

IBÁÑEZ-CURSÁ: Canta con los clásicos. Real Musical.

GIMENO, C.: *Mi primer Liederbuch.* Rivera Editores.

VEGA, Marcos: *El enigma de los cánones.* Real Musical.

TEJADA GIMÉNEZ: *Ars canora.* Universidad de La Rioja.

CARBONELL-GIMENO: *Descubre la música cantando a J. S. Bach.* Rivera Música.

HOLSTEIN, Jean-Paul: *Musiques à chanter – Cycle 1, 2, 3.* Ed. Alphonse Leduc

IBÁÑEZ-CURSÁ: *Coro 1, 2.* Rivera ediciones.

MOLINA, E.: *Coro 1, 2*. Enclave Creativa.

WUYTACK, Jos: *Cantar y descansar. Canciones con gestos.* Real Musical

WUYTACK, Jos: *Canções Tradicionais Portuguesas.*

VILLALBA: *Cancionero de Galicia.*

SCHUBARTH, D.: *Cancioneiro galego de tradición oral.* Fundación Barrié de la Maza.

SAMPEDRO, Casto: *Cancioneiro musical de Galicia.*

GARCÍA-PALAO: *Melodías clásicas para entonar y analizar.* Ed. Si bemol.

9.2 Discografía

BENNETT, Roy: *Investigando los estilos musicales.* Akal

ALSINA, Pep: *La música y su evolución*. RCA.

BRITTEN, B.: *Guía de orquesta para jóvenes. DGG.*

VARIOS: *Colección de DVDs "Conciertos maestros". RTVE, Madrid, 2002.*

Colecciones: La mota de polvo. Cuéntame una ópera. Clásicos divertidos.